



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE,
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP RAMÓN CABANILLAS

R/ JOSÉ ANTONIO SOUTO PAZ, 5

15702 Santiago de Compostela

981543183

981543183

ceip.ramon.cabanillas@edu.xunta.es

www.ceipramoncabanillas.es

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE PAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 25 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Centros e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 08 de outubro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E PAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous pais/pais**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar, o outro pai será o representante da Anpa. Os outros dous representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2016.
- 2.- Son electores todos os pais e pais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día **14 de novembro**.
- 3.- Son elixibles os pais e pais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do día **14 de novembro**.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 15 de novembro, ás 11:40 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e **catro pais/pais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade**.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 25 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
- 7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 27 de novembro, de 9:00 a 14:00 horas**.

A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:55 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2018

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo.: Jesús Lojo Dávila